

NADAL 15

Estimados pais / nais:

Diante da inminente chegada das festas de Nadal e Reis, o Departamento de Normalización Lingüística quere poñer nas súas mans, como en anos anteriores, unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo, para que vostedes ou Os Reis agasallen @s nen@s con algún.

Lembrámoslles de novo que a lectura é unha fonte de información e de pracer , e que tódolos pais e nais deberían fomentala entre os seus cativ@s.

Tamén lles recordamos que nestas primeiras idades é importantísimo ler con eles e comentar as lecturas de tal xeito que os libros sexan un intermediario nas relacións familiares, un motivo para coñecerse e intercambiar opinións.

@s nen@s aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.

Se fomentamos que @s cativ@s vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

Aproveitamos a ocasión para desexarlles,

unhas felices festas e un bo ano 2016



Libros con agarimo

E. INFANTIL

*E.N.D.L.
C.E.I.P. DE PETELOS*




Granxeiro Leiro daba voltas e máis voltas na cama, pero non podía durmir: esquecera tomar o seu vaso de leite! Ergueuse coa idea de ir muxir a vaca, pero aquela era a noite das mudanzas e, cando chegou á corte, atopou...
Pep Bruno & Lucie Müllerová
OQO
| ISBN: 978-84-9871-032-8

Desde que o coñeceu, Esquíu non o podía quitar da cabeza. Cando pensaba nel, escurecíaselle a vista, íaselle a voz, o estómago poñíasele como unha pedra, e é que... Esquíu estaba namorada! O seu segredo percorreu todos os recunchos do bosque. Moitos opinaban que era unha tolaría, pero cando chegou o outono...
Javier Sobrino & na Odriozola
OQO
ISBN: | 978-84-9871-037-3




A historia dun tractorista, moi bo tractorista, grandísimo tractorista, do que todos os nenos queren a súa compañía. Todos lle piden que vaia á súa casa a traballar. O señor tractorista fará unha serie de preguntas e quen lle dea a mellor resposta será a quen acompañe.

David Otero
GALAXIA
ISBN: 978-84-9865-098-3




Poemas cheos de música, todos eles, dalgunha maneira e como recolle o título, verdadeiros aloumiños, caricias de poesía e versos. Un libro que quere demostrar o gozosa que pode ser a poesía cando é contada/cantada como o fai o autor destes beixos en xeito de palabras.

A.GARCÍA TEIJEIRO
GALAXIA
ISBN: 978-84-9865-101-0



. Chocolate toma o seu baño diario na lagoa. Un día escoita que na cidade hai unha casa de baños, e sae de viaxe coa intención de probala

Marisa Núñez & Helga Bansch
OQO
ISBN: 978-84-9871-483-8



Estimados pais / nais:

Como en anos anteriores o Departamento de Normalización Lingüística quere propoñerlles unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo.

Lembrámoslles de novo que a lectura é unha fonte de información e de pracer e que tódolos pais e nais deberían fomentala entre os seus cativ@s.

Tamén lles recordamos que nestas primeiras idades é importantísimo ler con eles e comentar as lecturas de tal xeito que os libros sexan un intermediario nas relacións familiares, un motivo para coñecerse e intercambiar opinións.

@s nen@s aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.


Se fomentamos que @s cativ@s vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

Aproveitamos a ocasión para desexarlles

unhas felices festas e un bo ano 2016.

NADAL 15




Libros con agarimo

1º CICLO


DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
C.E.I.P. DE PETELOS





Título: COR ANIMAL
Autor: Agustín Agra
Ilustradora: Maya Hanisch
FactoríaK
ISBN: 978-84-15250-84-5


As habilidades, costumes e curiosidades de animais terrestres, acuáticos e voadores, representados coa técnica do collage e cun chamativo tratamento cromático.



Título: AMELIA QUERE UN CAN
Autor: Tim Bowley / André Neves
Kalandraka
ISBN: 978-84-8464-649-5

Nun souto moi grande, moi escuro e moi perigoso vivían un lobo e un oso moi moi grandes, e moi moi negros, e moi moi pero que moi perigosos e un coello moi pequeno, moi branco e moi pero que moi pouco perigoso.



Título: O SOUTO ESCURO E PERIGOSO
Autor : Miguel Vázquez ferire
Editorial Xerais
I.S.B.N.: 978-84-9914-097-1



Este libro narra a historia dos caprichos e Amelia e das insólitas mascotas a proba de rapaces.

Título: A VACA QUE PUXO UN OVO
Autor: Russell Ayto, Andy Cutbill
Editorial Patasdepeixe
ISBN: 978-84-936842-3-5

Unha vaca que quere facer algo diferente, para destacar entre as demais, e que pola súa simpatía é axudada polas súas amigas galiñas.



Braulio constrúe unha nave espacial coa que os irmáns van descubrir extraterrestres polo espazo intergaláctico.

Título: OS BOLECHAS VAN NUNHA NAVE ESPACIAL
Autor: Pepe Carreiro
Editorial Bolanda
ISBN: ISBN: 978-84-617-3222-7

Estimados pais/nais:

Os nenos e as nenas aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.

Se fomentamos que os cativos vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

Non obstante, este encontro decisivo entre os cativ@s e o libro NUNCA DEBE SER UNHA IMPOSICIÓN.

O verbo "ler" non admite imposición, do mesmo xeito que non podemos mandar "amar". O gusto pola lectura ten de nacer da vontade interior dos nenos e das nenas, sendo nós os que creemos as condicións para que iso se dea.

Por outra parte, os libros que lles proporcionemos deberán estar adaptados á súa idade e capacidade: non podemos darlle un cocido a un bebé.

Diante da inminente chegada das festas de Nadal e Reis, o Departamento de Normalización Lingüística quere poñer nas súas mans unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo, por se vostedes ou Os Reis queren agasallalos con algún.

Aproveitamos a ocasión para saudalos e desexarlles unhas felices festas e un bo ano 2.016.



LECTURAS RECOMENDADAS

2º CICLO

Nadal 2015/ 2016

***Rubicundo.**

**Autor: María Canosa.
Ed. Xerais.**

***As aventuras de Enrico Müller.**

**Autor: Xavier Frías
Ed. Rodeira / edebe**

***Demo de dente!**

**Autor: Pep Bruno e Amrie Fiedler
Ed. OQO.**

***Versos en flor**

**Autor: Carlos Fontes .
Ed. Galaxia.**


**DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CEIP DE PETELOS**

Cada noite Erea espertaba cun chii-chi-chiiii, o renxer característico da bicicleta do seu veciño. A ela non lle sorprendía o nome do seu veciño: Rubicundo. Nin lle parecía raro que todas as noites subise na súa bicicleta e comezase a viaxe enriba da árbore do seu xardín. A Erea o que si lle parecía estraño era a súa indumentaria, un gabán e un sombreiro de copa negra, e debaixo un traxe da cor do acibeche. Erea era así, fixábase nos detalles máis sinxelos.

María Canosa

Editorial Xerais

ISBN: 978-84-9914-821-2





Un dente que se move e nos amola, ao comer, ao falar..., pero non hai maneira de que caia: aí segue como se tal cousa!

Pep Bruno e Amrie Fiedler

OQO

ISBN: 978-84-9871-467-8



Velaquí a historia dun cazador de criaturas estrañas, en especial de dragóns. Contan que entre nós viven entes de todo tipo, pero que pasan desapercibidos baixo a aparencia humana que teñen. É por iso que custa tanto descubrilos. Para iso se formou Enrico Müller, malia que nunca antes desta historia cazara ningún.

Xavier Frías Conde

Editorial rodeira grupo edebe

ISBN: 978-84-96352-78-0

Versos en flor é o segundo libro de poesía infantil de Carlos Fontes. De novo, coa colaboración plástica de Leandro Lamas. Neste novo proxecto poético, volvemos atoparnos a festa de cor e lírica aos que xa nos teñen acostumados estes dous artistas, da palabra e do lienzo.

Carlos Fontes

Galaxia

ISBN: 9788498653823



Non podemos negar que nesta época de videoxogos e Internet ás veces faise bastante difícil conseguir que os nenos e nenas se refuxien nos libros no seu tempo de lecer.

O hábito da lectura non se adquire por arte de maxia senón que é o resultado dun conxunto de factores que inciden sobre os nenos. Un dos factores máis importantes é a influencia da familia (a presenza de libros na casa, a lectura habitual en familia) son elementos que van favorecer o gusto dos noso alumnado polos libros.

Aínda que ás veces resulta algo complicado buscar o tempo para compartir a lectura cos nosos fillos, é moi importante dedicar algúns momentos a esta actividade.

Nesta etapa son apropiados os contos de historias maravilosas e tradicionais, aquelas que tratan de animais ou forzas da natureza personificadas.

Tamén son axeitados os libros que permitan traballar o medo, os temores, recoñecemento de sentimentos, coidado do medio ambiente, e os libros de adiviñas.

Tendo en conta estas premisas este ano recomendámoslles dous libros para regalar polo Nadal.

Aproveitamos para desexarlles Bo Nadal!

Libros con agarimo



NADAL 2015

3º CICLO

DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
C.E.I.P. DE PETELOS



Nica é unha «detectivesa» que se dedica a resolver misterios no seu barrio coa axuda dos seus amigos, Os Sabuxos. O barrio no que vive é un barrio calquera, dunha cidade calquera, onde nunca pasa nada. Vaia, case nunca. Porque un día Nica atopa un lugar secreto cheo de aparellos extraños e maravillosos para facer maxia. Os catro sabuxos xogan e divírtense alí ata que descubren que quedaron atrapados dentro dun sitio que ninguén coñece: o Museo Prohibido.

Ed. Xerais. Colección : Sopa de Libros.

Libro recomendado para 5º



O achado do castro estreouse en 1983 nunha función escolar e dende entón a obra foi representada en numerosos centros. Publicada orixinarmente en 1991, Manuel Núñez Singala volve dar ao prelo esta peza, con lixeiros cambios de normativa na lingua e unha modificación para un dos personaxes: agora chasca os dedos e non dá unha palmada, xa que adoitaba provocar o aplauso do público. Esta anécdota evidencia tamén a boa acollida dun texto que xoga con humor coas convencións teatrais -os personaxes preséntase a si mesmos- e saca partido das imaxes asociadas ao mundo da romanización. A partir do recurso da aparición dunha obra de teatro nun castro, a historia desenvólvese con personaxes especialmente cómicos como Manolitus ou o Emperador, que agora divirten a unha nova xeración.

O achado do castro, de Manuel Núñez Singala
Editorial Galaxia.

Libro recomendado para 6º